



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicología: Psicología do desenvolvemento

Materia	Psicología: Psicología do desenvolvemento			
Código	O05G130V01102			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Psicología evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Rodríguez Rodríguez, Juan Luis			
Profesorado	Rodríguez Rodríguez, Juan Luis			
Correo-e	juanluisrr@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/juanluisrr			
Descrición xeral	A Psicología do Desenvolvemento permite establecer os antecedentes evolutivos que son cruciais para comprender o estado actual e os previsibles cambios futuros de moitos comportamentos. En definitiva, esta materia contribúe a fundamentar a formación psicolóxica dos educadores sociais, proporcionándolles as ferramentas disciplinares necesarias para enfrontárense ás situacións educativas, e comprender os cambios e o desenvolvemento psicolóxico das persoas coas que teñen que intervir.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
A3	Asumir e orientarse segundo valores de igualdade e de cidadanía democrática, e capacitar para a prevención e a mediación en casos de violencia nas súas diferentes manifestacións (simbólica, de xénero, laboral, escolar, sexual, étnica...)
A4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
A12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
A21	Asesorar e/ou acompañar a persoas e/ou grupos en procesos de desenvolvemento socioeducativo
A22	Estar comprometido coa calidade de actuación e moverse de acordo cos principios deontolóxicos do/a educador/a social
B1	Capacidade de análise e síntese
B5	Xestión da información
B7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación
B10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
B12	Compromiso ético
B13	Autonomía na aprendizaxe

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer as principais teorías e modelos do desenvolvemento.	A1	B5
Comprender o desenvolvemento psicolóxico e analizar que factores interveñen na construción do psiquismo.	A1 A4	B1
Favorecer a utilización de recursos e instrumentos proporcionados polas disciplinas psicolóxicas para a súa aplicación.	A1 A4	B1 B7
Fomentar hábitos de traballo que permitan o desenvolvemento dun sistema persoal de traballo autónomo.	A12 A21 A22	B12 B13

Desenvolver unha actitude de cooperación, respecto, tolerancia e compromiso tanto no seu traballo como alumno/a como no seu traballo profesional posterior.	A3 A22	B10 B12
---	-----------	------------

Contidos

Tema	
Concepto de desenvolvemento	Modelos teóricos do desenvolvemento. Teorías sobre o desenvolvemento. O papel da herdanza, o medio e os períodos críticos.
Procesos do desenvolvemento prenatal e da primeira infancia	Factores que afectan ao desenvolvemento do feto. Primeiras condutas do recém nado. Bases do desenvolvemento psicomotor. Desenvolvemento físico. Desenvolvemento cognitivo. Desenvolvemento emocional e social.
Desenvolvemento infantil de 2 a 6 anos	Desenvolvemento físico e psicomotor. Desenvolvemento lingüístico. Desenvolvemento cognitivo. Desenvolvemento emocional, social e moral.
Desenvolvemento infantil de 7 a 12 anos	Desenvolvemento físico e psicomotor. Desenvolvemento cognitivo. Desenvolvemento da linguaxe. Desenvolvemento emocional, social e moral.
A adolescencia	Cambios biolóxicos e psicolóxicos. A idade dos conflitos. Adaptación social. A conduta sexual.
A etapa adulta	A personalidade. Desenvolvemento intelectual. Familia e traballo. A paternidade.
A terceira idade	Mitos sobre o envellecer. Cambios físicos. A xubilación. A morte.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	20	30	50
Estudo de casos/análises de situacións	3	9	12
Traballos tutelados	9	18	27
Prácticas externas	4	4	8
Obradoiros	5	25	30
Actividades introductorias	2	0	2
Probas de resposta curta	2	15	17
Cartafol/dossier	1	3	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Explicación dos contidos de cada un dos temas da materia.
Estudo de casos/análises de situacións	Proporanse casos prácticos de situacións reais para que o alumnado explique o conflito desde a perspectiva do desenvolvemento.
Traballos tutelados	Elaboración de materiais e recursos que favorezan o desenvolvemento.
Prácticas externas	O alumnado terá que facer un traballo de investigación sobre o desenvolvemento cognitivo desde a perspectiva piagetana en centros educativos con nenos entre 3 e 7 anos.
Obradoiros	Análise e aplicación de diferentes recursos de avaliación e intervención nos diferentes ámbitos do desenvolvemento.
Actividades introductorias	Explicación da materia, do programa, da metodoloxía docente e do sistema de avaliación. Farase tamén unha avaliación de coñecementos previos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos/análises de situacións	Ademais das dúbidas que se poidan resolver durante as clases presenciais, recoméndase asistir ás titorías para o seguimento dos diferentes traballos e actividades prácticas. Será imprescindible para o alumnado non presencial. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nas horas de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou virtualmente a través da plataforma TEMA).
Traballos tutelados	Ademais das dúbidas que se poidan resolver durante as clases presenciais, recoméndase asistir ás titorías para o seguimento dos diferentes traballos e actividades prácticas. Será imprescindible para o alumnado non presencial. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nas horas de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou virtualmente a través da plataforma TEMA).

Prácticas externas	Ademais das dúbidas que se poidan resolver durante as clases presenciais, recoméndase asistir ás titorías para o seguimento dos diferentes traballos e actividades prácticas. Será imprescindible para o alumnado non presencial. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nas horas de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou virtualmente a través da plataforma TEMA).
Obradoiros	Ademais das dúbidas que se poidan resolver durante as clases presenciais, recoméndase asistir ás titorías para o seguimento dos diferentes traballos e actividades prácticas. Será imprescindible para o alumnado non presencial. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nas horas de titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou virtualmente a través da plataforma TEMA).
Probas	Descrición
Cartafol/dossier	A atención ao alumnado realizarase a través de diversas vías: a través da plataforma Tema, por correo electrónico, telefonicamente, e na propia aula de 20 a 21 hs. os xoves e venres. Os estudantes tamén poderán usar as horas de titoría que ten o profesorado no seu gabinete.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Prácticas externas	Aplicación de diferentes probas para a análise do desenvolvemento cognitivo a nenos de entre 3 e 7 anos.	10
Obradoiros	Aplicación e análise de materiais. Avaliarase a asistencia e a entrega dos resumos correspondentes.	10
Probas de resposta curta	Control parcial a finais do mes de novembro (30%) e control parcial no mes de xaneiro (30%) correspondendo co exame final. O alumnado que non superase o primeiro control examinarase de toda a materia no exame final.	60
Cartafol/dossier	Dossier que recolle todas as prácticas e traballos realizados durante a materia.	20

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que se presente á **2ª convocatoria** realizará o exame de resposta curta coa data prevista e presentará o cartafol con todas as prácticas da materia (prácticas de aula, prácticas externas, traballos e resolución de casos prácticos).

O alumnado que xa superase unha parte (teórica ou práctica) só se examinará na 2ª convocatoria da parte suspensa.

O **alumnado non asistente** ás clases presenciais terase que pór en contacto co profesor antes do 15 de outubro para acordar o sistema de titorización das prácticas externas, obradoiros, elaboración do cartafol e explicación do exame, así como o seguimento do progreso da materia. Esta titorización poderá ser presencial, telefónica ou por e-mail.

A ponderación da avaliación dos alumnos non asistentes será igual á dos alumnos asistentes, cambiando a metodoloxía dos obradoiros para adaptarse ás circunstancias persoais e favorecer así o proceso de ensino aprendizaxe.

Bibliografía. Fontes de información

Papillia, D., **Psicología del desarrollo**, McGraw-Hill,

Santrock, **Psicología del desarrollo: el ciclo vital**, McGraw-Hill,

Palacios, J.; Marchesi, A. e Coll, C., **Desarrollo psicológico y educación 1. Psicología evolutiva**, Alianza editorial,

Recomendacións

Outros comentarios

Non se esixen prerequisites obrigatorios para cursar a materia, se ben sería de grande axuda ter coñecementos básicos para o acceso á información a través das TICs, saber utilizar os recursos da biblioteca, coñecementos básicos de informática e destrezas para o traballo en grupo.

Recoméndase que o alumnado coñeza dende o principio a dinámica e o funcionamento que se seguirá na materia (asistencia, presentación de traballos, titorización...) e que o teña presente durante o seu desenvolvemento.